

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/36-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE AMEIXA RUBIA
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	ENDEÑO REMOLCADO

Especies	Ameixa rubia (<i>V.rhomboides</i>).
Ambito do plan	Entre cabo Home e faro Borneira.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	15	40
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		30									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : xaneiro e de agosto a decembro.											
Modalidade⁽³⁾ : endeño remolcado											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X							X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante/habilitación
Ameixa rubia		100 kg	-

Artes a empregar	Endeño remolcado, segundo o establecido no Decreto 424/1993.
-------------------------	--

Puntos de control	Zona de produción e rampla da lonxa de Cangas.
Puntos de venda	Lonxa de Cangas

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Especies:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Rareos

Zonas:

Especies:

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: no plan inclúese un total de 16 embarcacións. Sen embargo, segundo os datos cos que conta a Consellería do Mar son 15 as embarcacións que contan coa arte de endeño remolcado no seu permiso, Así, a embarcaciónPolo que, está **excluída do plan**. O artigo 19º.2 da Orde de 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcación contempla que “excepcionalmente a través de plans de explotación, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, poderá autorizar para os recursos que se dispoñan, que determinadas embarcacións con permiso de explotación para unha das zonas definidas no anexo VIII desta orde, poidan acceder a pescar noutras zonas”. Sen embargo, e tendo en conta que a confraría de Bueu presenta plan de explotación de ameixa rubia con endeño remolcado para o ano 2009, non procede que esta embarcación traballe en zona costeira distinta á que lle corresponde no caso de que pretenda solicitar o cambio de temporal de modalidade.

Arte a empregar: Advertir que a arte debe ter as características do cope establecidas no artigo 122 do Decreto 424/1993, e que só se pode traballar a profundidades **superiores aos 15 m**.

O emprego do endeño remolcado con cope de varillas metálicas se ben pode ser máis selectivo co tamaño da ameixa rubia, ten unha porcentaxe de rotos moi superior á arte tradicional regulada e afecta moi negativamente á poboación de navalla. Na mostraxe realizada no Nadal de 2008 obtuvose un 24,98% de ameixa rubia rota, e 13,32% de cizallada, o que repercute tamén nunha baixada dos prezos da ameixa rubia.

Ademais, segundo as mostraxes realizadas a porcentaxe de navalla rota que aparece varía entre o 80 e 100%.

Na maioría dos arrastres desta arte a profundidade na que están a traballar é inferior aos 15 m, así a profundidades medias de traballo das mostraxes realizadas foi de 12,27m. Trátase dun arte moi agresiva co substrato e moitas especies mariñas, na que se extraen unha grande cantidade de especies acompañantes (de 16 a 24) que non aparecen nas capturas declaradas.

Proposta de ampliación: no apartado de observacións xerais faise mención a que unha serie de embarcacións estarían interesadas en incorporar este arte no seu permex. Tendo en conta a situación actual do marisqueo dende embarcación así como que a falta de concreción da proposta non se acepta dita solicitude.

Especies: Nas ordes pola que se aproban os plans xerais de explotación marisqueira, conteñen un artigo no que se indica que os rastros remolcados definidos nos artigos 120 e 123 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro, só poderán capturar un **10% das especies acompañantes**, sempre e cando ditas especies non estean sometidas a un plan específico aprobado pola Consellería do Mar.

Con base nisto, acéptase a extracción de especies acompañantes (10%), excepto aquelas que estean en veda, non teñan o tamaño regulamentario e non sexan as autorizadas no plans de



explotación en zonas de libre marisqueo a flote da ría de Vigo, excluindo tamén os recursos específicos e a ostra (como en anos anteriores).

Calendario de extracción: a entidade propón 60 días distribuídas entre os meses de xaneiro e de abril a decembro. Solicítase ademais traballar no ámbito do P.N. Illas Atlánticas durante 10 días no mes de decembro. Igualmente, propónse que durante 7 días se podan realizar sondaxes en novas zonas e que ditas xornadas non computen como días de extracción.

Sen embargo, á vista das características da pesqueira, o número máximo de días autorizados é de 30, distribuídos entre os meses de xaneiro e de agosto a decembro .

Respecto aos días adicados ás sondaxes infórmase á entidade que as solicitudes de mostraxes/prospeccións deberán dirixirse á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para a súa autorización expresa e baixo as condicións que a Dirección Xeral estableza. A información respecto ás solicitudes de prospeccións/mostraxes está dispoñible na páxina web pescadegalicia.com. Polo tanto, **non se acepta** a búsqueda de novas zonas de traballo durante 7 días sen que computen como xornadas de extracción.

Cota máxima de captura: o tope é de 100 kg/embarcación/día. A entidade solicita un incremento do 15% deste tope, se os informes son favorables así como da demanda do mercado. Respecto a isto último, informarlle á entidade que dita petición de incremento deberá solicitarse coa apertura correspondente co obxecto de que poda ser valorada é unicamente poderá ser levada a cabo coa autorización expresa da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Deberá remitirse a certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos de goberno da confraría.

Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas (25 de novembro de 2009)

A administración do Parque Nacional informa desfavorablemente a aprobación deste dentro dos límites do Parque Nacional. Considérase que os rastros remolcados inciden de forma negativa no substrato, rompen á súa estrutura e destrúen as comunidades de organismos bentónicos que atopan ao seu paso. Ademais o excesivo impacto desta arte de marisqueo afecta negativamente, tanto sobre os fondos como sobre o produto extraído.